

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2018

1. Actividades celebradas no Centro de Interpretación Terras do Miño no ano 2018.
2. Actividades celebradas na Casa das Ínsuas de Rábade durante o ano 2018.
3. Actividades da Reserva da Biosfera Terras do Miño celebradas en varios concellos do territorio.
4. Visitas a centros educativos dentro do Programa “O Centro de Interpretación na rúa” para difundir as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
5. Desenvolvemento do Acordo de Custodia do Territorio nas Ínsuas do Miño e os Ollos de Begonte coa Asociación Galega de Custodia do Territorio durante o ano 2018.
6. Apoio ao proxecto piloto de planificación interpretativa no concello de Castroverde, promovida pola Asociación de Amigos de Patrimonio de Castroverde.
7. Execución do proxecto LIFE IN COMMON LAND “Xestión en común da terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural en Zonas Especiais de Conservación”.
8. Celebración do V Campus Emprendemento Sostible nas Reservas da Biosfera.

9. Participación no salón gastronómico Xantar, celebrado no recinto de Expourense do 31 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2018.
10. Entrega do premio da edición 2017 do Programa de Seguimento Fenolóxico da Red Española de Reservas de la Biosfera ao CEIP de Riotorto o 21 de febrero de 2018.
11. Participación no Programa de Seguimento Fenolóxico da Red Española de Reservas de la Biosfera impartindo charlas xunto co persoal do OAPN o día 22 de febreiro no Salón de Actos da Deputación de Lugo e o día 23 de febreiro de 2018 nos centros: CEIP Plurilingüe Riotorto (As Rodrigas), IES Poeta Díaz Castro (Guitiriz), CEIP Otero Pedrayo (Rábade), CEIP Laverde Ruiz (Outeiro de Rei).
12. Participación na reunión Constitutiva oficial da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia celebrada en Santiago de Compostela o 5 de marzo de 2018.
13. Celebración da Xornada Enerxía e clima – A hora do planeta o 20 de marzo de 2018 no Salón de Actos da Deputación de Lugo e exposición sobre o cambio climático e a enerxía no Pazo Provincial.
14. Celebración da VI Semana Escolar da Árbore e a Auga o día 23 de marzo de 2018 cos libros “A auga, o dragón e o salgueiro” e “A invención do salgueiro”.
15. Participación da Xornada Técnica da futura Rede de Reservas Cantábrico Atlántico Pirenaicas o 23 de marzo de 2018 en Ribadeo, organizada pola Reserva da Biosfera Río Eo, Os Oscos e Terras de Burón.

16. Colaboración co CEIDA na celebración en Lugo do Curso “Espazos Naturais Protexidos E Rede Natura 2000” – Edición Norte os días 16–18 de abril de 2018, celebrado no Salón de Actos da Deputación de Lugo.
17. Charla “Oportunidades de vivir na Reserva da Biosfera Terras do Miño” á Asociación de Veciños de San Andrés de Chamoso en O Corgo o 19 de abril de 2018.
18. Colaboración co Spa Attica 21 na elaboración dos contidos dun panel informativo sobre a contorna do hotel e da charca do Alligal (Codesido) na Reserva da Biosfera Terras do Miño.
19. Entrega de material didáctico sobre as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses á Oficina Municipal de Turismo de Vilalba.
20. Participación da Reserva da Biosfera na Guía Turística de recursos naturais da Eurorrexión Eixo Atlántico, que distribúe o Eixo Atlántico en oficinas de turismo e lugares de paso de viaxeiros de toda Galicia e o Norte de Portugal.
21. Participación das Reservas da Biosfera Terras do Miño y Os Ancares Lucenses no Curso “Ecoturismo e Interpretación: Recursos locais e emprendemento en Espazos Naturais Protexidos” celebrado no CEIDA o 28 de maio de 2018.
22. Organización dun ciclo de charlas informativas sobre a tenza responsable de animais durante abril e maio de 2018 en Mondoñedo, Meira e Vilalba.
23. Participación no curso “A Marca de Reservas de Biosfera Españolas: guía e claves para a interpretación e aplicación do regulamento de uso”

- organizado polo OAPN e celebrado no CEIDA os días 6 e 7 de xuño de 2018.
24. Colaboración no Obradoiro de iniciación á metodoloxía Bosquescuela, organizado pola USC celebrado os días 19 e 20 de xuño de 2018 no Centro de Interpretación Terras do Miño.
25. Colaboración da Reserva da Biosfera Terras do Miño no Catálogo de Experiencias Demostrativas da Red Española de Reservas de la Biosfera editado polo OAPN.
26. Celebración xunto co CRAEGA da Feira de Produtos Ecolóxicos Certificados en Lugo do 4 ao 6 de setembro de 2018.
27. Celebración da xornada "Posibilidades do aproveitamento resinero na Comunidade Autónoma Galega" o 27/09/2018 no Salón de Actos da Deputación de Lugo.
28. Colaboración entre a USC e a Deputación de Lugo no proxecto de investigación para impulsar o aproveitamento sustentable e a valorización no territorio das Reservas da Biosfera existentes na provincia de Lugo da Árnica Montana L.
29. Celebración da Primeira Festa da Colleita o 28 de setembro nos hortos urbanos do río Rato e de Paradai da Deputación de Lugo.
30. Colaboración na celebración das I Xornadas Apícolas e XXVI Feira do Mel que organiza a Asociación Provincial Lucense de Apicultores no Salón de Actos da Deputación de Lugo entre os días 28 de setembro e 1 de outubro, na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

31. Celebración da Ruta BTT pola Vía Romana XIX o sábado 06/10/2018 organizada pola Asociación Bike Stop Lugo coa colaboración da Deputación de Lugo para dar a coñecer e poñer en valor o patrimonio histórico e natural das Reservas da Biosfera Os Ancares Lucenses e Terras do Miño.
32. Recepción na Deputación de Lugo a representantes do proxecto Erasmus + 2018 - 2020 "Let us Bring Europe Together for Heritage - Let's BET for Heritage" para difusión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
33. Visita á Casa das Insuas o 25/10/2018 de alumnos das asignaturas de "Planificación e Xestión de espazos naturais" dos Máster de Enxeñería Ambiental e Enxeñería de Montes da USC.
34. Colaboración coa 5ª edición da Revista Micolucus, que inclúe traballos das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
35. Recepción da contestación ás alegacións presentadas no 2017 ao Proxecto de Lei de Patrimonio Natural de Galicia.
36. Presentación de observacións ao Proxecto de decreto polo que se crea e regula o Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.
37. Recepción á Organización Peruana SAIPE e a Fundación Taller de Solidariedade de Lugo que participan no proxecto Xestión Forestal Sostible o 6 de novembro de 2018 no Salón de Xuntas da Deputación de Lugo e visita á Comunidade Montes de Carballo en Friol.

38. Organización do Ciclo Conferencias Luis Asorey en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias e USC entre os días 19 e 28 de novembro de 2018 sobre “Incendios forestais e recuperación de terreos queimados en Galicia”.
39. Celebración da Xornada sobre Custodia do Territorio e Conservación e Conservación de Espazos Naturais o 27 de novembro de 2018 na Casa das Ínsuas (Rábade).
40. Celebración da 5ª Semana Escolar da Deputación en novembro e decembro en centros de educación secundaria da provincia de Lugo e edición e distribución do libro "Viaxe pola agroalimentación lucense", no que se destaca a riqueza da Reserva da Biosfera.
41. Participación no proxecto DiálogosRB.net (a rede de coñecementos da RERB) organizado dende a Rede Española de Reservas da Biosfera, xestionada polo Organismo Autónomo Parques Nacionales.
42. Celebración do V Concurso de Fotografía das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses co lema "Festas populares, tradicionais de Interese turístico".
43. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación de Pescadores Ponte de Areas co obxecto de colaborar na limpeza do Coto de Quinte no ano 2018.
44. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Centro de Interpretación Avifauna durante o ano 2018.

45. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Cultural Irmandade Sarria-Guerlédan para difusión das Reservas da Biosfera durante o ano 2018.
46. Colaboración coa Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións durante o ano.
47. Colaboración coa asociación Animals Help para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións do refuxio de Xermade.
48. Colaboración co Concello do Valadouro e coa Protectora de Animais de Valadouro-Alfoz para a execución das obras de ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
49. Colaboración co Máster en Dirección de Actividades de Educación da Natureza da USC 2018-2019.